

Guía da participación na Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Información
en lectura fácil

Índice

Que podo facer para participar
nas actividades da Xunta de Galicia?

[páxina 3](#)

En que actividades da Xunta de Galicia
podo participar?

[páxina 4](#)

- 1 Normativa.
[páxina 5](#)
- 2 Procedementos de información pública.
[páxina 6](#)
- 3 Participación en plans e programas.
[páxina 6](#)
- 4 Participación infantil e xuvenil.
[páxina 7](#)
- 5 Participación cidadá no Parlamento de Galicia.
[páxina 7](#)
- 6 Suxestións e queixas.
[páxina 10](#)

Verás no texto palabras que aparecen subliñadas.
Estas palabras son enlaces
que che permiten entrar
nese apartado da web.

Que podo facer para participar nas actividades da Xunta de Galicia?

A participación dos cidadáns e das cidadás nas decisións da Administración Pública é moi importante. Nesta guía explicamos as diferentes maneiras que temos as cidadás e os cidadáns de participar nas actividades da Xunta de Galicia.

Para participar nas actividades que realiza a Xunta de Galicia tes que entrar na páxina web do Portal de Transparencia e Goberno Aberto:

 <https://transparencia.xunta.gal/participacion>

O Portal de Transparencia e Goberno aberto é unha páxina web que recolle información sobre a Xunta de Galicia. e sobre as entidades que dependen da Xunta de Galicia.

As cidadás e os cidadáns podemos participar nas actividades que realiza a Xunta de Galicia dende o apartado de **Participación** desta páxina web.

No apartado de **Participación** podemos participar, por exemplo, na elaboración de leis e na elaboración de plans. Tamén podemos presentar queixas ou propoñer ideas.

Contamos contigo.

A túa opinión importa.

Participa!



En que actividades da Xunta de Galicia pode participar?

No apartado de **Participación** do Portal de Transparencia e Goberno Aberto podes ver 6 seccións:

1. Normativa.
2. Procedementos de información pública.
3. Participación en plans e programas.
4. Participación infantil e xuvenil.
5. Participación cidadá no Parlamento de Galicia.
6. Suxestións e queixas.

1

Normativa

Na sección de Normativa podes propoñer ideas na elaboración de normas e leis da Xunta de Galicia.

Nesta sección podes participar de 2 formas:

- **Normativa en tramitación:**

No cadro de Normativa en tramitación podes dar a túa opinión sobre unha lei ou norma que xa está feita pero aínda non está aprobada.

Podes dar a túa opinión sobre as leis ou normas que teñan aberto o prazo de envío de suxestións.

- **Consulta pública previa:**

No cadro de Consulta pública previa podes dar a túa opinión sobre unha lei ou norma antes de que a administración empece a elaborar esa lei ou norma.

Podes dar a túa opinión sobre unha lei ou unha norma que ten a consulta previa aberta.

As consultas pechadas podes consultalas pero xa non podes dar a túa opinión sobre esa lei ou norma.

2 Procedementos de información pública

Nesta sección podes participar na elaboración de diferentes documentos que elabora a Administración.

A Administración está obrigada a dar a coñecer diferentes documentos ás cidadás e aos cidadáns antes de poñer en marcha as accións que recollen eses documentos. Por exemplo, autorizacións ou obras de construción.

3 Participación en plans e programas

Nesta sección podes participar na elaboración dos plans e programas dos departamentos da Xunta de Galicia.

Os departamentos recollen nos plans e programas os obxectivos que queren conseguir e as actividades que van a poñer en marcha para conseguir eses obxectivos.

Podes participar na elaboración dos plans que teñan aberto o prazo para participar. Tes que cubrir un formulario para presentar as túas suxestións ou ideas. Tamén podes buscar información sobre calquera plan ou programa que che interese.

4

Participación infantil e xuvenil

Nesta sección podes coñecer actividades que organiza a Administración para a xuventude.

Tamén podes participar nos plans, programas e normas que están dirixidos á xuventude.

Podes dar a túa opinión sobre os plans, programas e normas que teñen o prazo aberto para participar.

5

Participación cidadá no Parlamento de Galicia

Nesta sección podes consultar información sobre como participar nas actividades que realiza o Parlamento de Galicia.

Podes participar nas actividades que fai o Parlamento de Galicia de diferentes formas:

» Podes presentar unha proposición de lei de iniciativa popular.

Unha proposición de lei de iniciativa popular é unha idea de lei que pode presentar calquera persoa maior de idade no Parlamento de Galicia.

Para presentar unha proposición de lei tes que conseguir 10 mil firmas de persoas que apoien esa lei.

Neste enlace podes ver os pasos que tes que seguir para presentar unha proposición de lei de iniciativa popular:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/ppli>

» **Podes participar na elaboración de leis do Parlamento de Galicia.**

Podes presentar ideas e propostas ás leis que está facendo o Parlamento de Galicia.

Nestes enlaces podes ver os pasos que tes que dar para participar na elaboración das leis que está facendo o Parlamento de Galicia:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/achegas>

<https://www.es.parlamentodegalicia.es/ParticipacionCidada/LexislaConNos>

» **Podes presentar unha proposición non de lei de iniciativa popular.**

Unha proposición non de lei de iniciativa popular é unha proposta que pode presentar calquera persoa maior de idade no Parlamento de Galicia.

Para presentar unha proposición non de lei tes que conseguir 2.500 firmas de persoas que apoien esa proposta.

Neste enlace podes ver os pasos que tes que dar para presentar unha proposición non de lei de iniciativa popular:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/pnl>

»» **Podes participar no control ao Goberno de Galicia.**

Calquera cidadán ou cidadá maior de idade pode participar no control ao Goberno de Galicia.

Para participar no control ao Goberno de Galicia podes facer preguntas ao Parlamento de Galicia para que llas pregunten á Xunta de Galicia.

Neste enlace podes ver os pasos que tes que dar para facer preguntas ao Parlamento de Galicia:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/pdc>

»» **Podes presentar unha petición ao Parlamento de Galicia.**

Podes presentar unha petición ao Parlamento de Galicia para queixarte sobre o funcionamento dos servizos públicos autonómicos.

Tamén podes facer unha petición para pedir un cambio nalgunha lei.

Neste enlace podes ver os pasos que tes que dar para presentar unha petición ao Parlamento de Galicia:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/vude>

» **Podes facer preguntas ou presentar unha suxestión ao Parlamento de Galicia.**

Podes facer preguntas ou presentar algunha suxestión por correo electrónico á presidencia do Parlamento de Galicia, aos grupos parlamentarios e aos deputados e ás deputadas.

Podes consultar no seguinte enlace os correos electrónicos dos membros do Parlamento de Galicia.

<https://www.es.parlamentodegalicia.es/ParticipacionCidada/Index>

6 **Suxestións e queixas**

Nesta sección podes presentar suxestións e queixas.

As suxestións son ideas para mellorar o funcionamento da Xunta de Galicia.

As queixas son protestas sobre o funcionamento dos servizos da Xunta de Galicia.

Podes presentar unha suxestión ou unha queixa de 3 formas:

» **De forma presencial**

Para presentar unha suxestión ou unha queixa de forma presencial tes que cubrir o documento que aparece nesta sección e presentalo nunha das oficinas de rexistro da Xunta de Galicia.

»» **Por teléfono**

Para presentar unha suxestión ou queixa por teléfono tes que chamar ao número 012.

A Xunta de Galicia
ten un servizo de videointerpretación en lingua de signos
para que as persoas xordas
poidan utilizar o número de teléfono 012.

»» **Por internet**

Para presentar unha suxestión ou queixa por internet tes que entrar nos enlaces que aparecen nesta sección.

